



## INSTRUCCIÓN Nº 01/20162017

### **CIRCULAR DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE RELATIVA AO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DE TRANSPARENCIA POR PARTE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS.**

O 10 de decembro de 2013 publicábase no Boletín Oficial do Estado a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. O artigo 3 desta lei establece que as disposicións do capítulo II do Título I serán aplicables ás entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que acaden como mínimo a cantidade de 5.000 euros. Así mesmo, a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno inclúe no seu ámbito subxectivo de aplicación ás entidades privadas receptoras de fondos públicos ás que se refire o artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, cando reciban fondos do sector público autonómico.

En base a esta previsión, as federacións deportivas galegas, - configuradas de acordo co artigo 51 da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia coma entidades privadas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade autónoma de Galicia- que se atopen nalgún dos supostos contemplados no artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, deberán cumprir coas obrigas recollidas na devandita lei, e relativas á información institucional, organizativa e de planificación establecidas no artigo 6 así como ás de carácter económico, orzamentario e estadístico recollidas no artigo 8.

Estas obrigas recollidas tanto no artigo 6 coma no artigo 8 da Lei 19/2013 serán cumprimentadas consonte aos principios xerais referidos no artigo 5 da mesma, polo que a información requirida, xunto ao resto das previsións contempladas no artigo deberán publicarse na páxina web federativa ou, se a federación posúe un orzamento inferior a 50.000 euros, remitirse á Administración pública da que proveña a maior parte das axudas ou subvencións percibidas -secretaría xeral para o Deporte de ser esta a principal fonte das axudas públicas federativas- que porá a súa disposición os medios electrónicos necesarios para dar cumprimento ás obrigas.

A continuación indícaselle cales son as obrigas de transparencia que se deben cumprir mediante na publicación na web federativa de acordo ao establecido anteriormente.



## 1. Obrigas relativas á información institucional, organizativa e de planificación (artigo 6 da Lei 19/2013)

a) **Funcións.** As federacións deportivas galegas son entidades privadas sen ánimo de lucro que, xunto as funcións que lle son propias polo seu ámbito de actuación privada, exercen por delegación funcións públicas delegadas de conformidade co artigo 51 da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia. As funcións públicas delegadas que exercen e as que se lle deberá dar publicidade son as especificadas no artigo 56 da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia e recollidas tamén nos respectivos estatutos das federacións deportivas.

### b) **Normativa aplicable:**

- Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, ou norma que a substitúa.
- Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou norma que a substitúa.
- Orde de 8 de setembro de 2010 pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, ou norma que a substitúa.
- Resolución de 8 de setembro de 2009, da secretaría xeral para o Deporte, pola que se ditan Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia, ou norma que a substitúa.
- Resto de normativa aplicable ás federacións deportivas que se aprobe, así como a propia de cada entidade (Estatutos, Regulamentos etc.)

c) **Estructura organizativa:** Organigrama actualizado que identifique aos responsables dos distintos órganos federativos, así como o perfil e traxectoria profesional (currículo profesional) dos integrantes dos mesmos.

## 2. Obrigas relativas a información económica, orzamentaria e estatística (artigo 8 da Lei 19/2013).

a) Relación de **contratos** subscritos cunha Administración pública. Esta relación debe indicar: obxecto e duración; importe de licitación e adxudicación; procedemento de celebración; no seu caso, modificacións do contrato, decisións de desistimento e renuncia dos contratos; e, finalmente, porcentaxe total do contrato sobre o orzamento total da federación. Se os contratos tiveran unha duración inferior a un ano e os seus importes foran inferiores a 50.000 euros cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros cando se trate doutros contratos, a información poderá cumprimentarse trimestralmente.

b) Relación de **convenios** subscritos cunha Administración Pública. Esta relación debe indicar: partes asinantes; obxecto e duración, modificacións realizadas, partes obrigadas á realización das prestacións e, no seu caso, obrigas económicas convidadas. Neste apartado



informarase tamén das subcontratacións que se realicen con mención dos adxudicatarios, procedemento seguido para a adxudicación e importe da mesma.

- c) **Subvencións e axudas** concedidas pola entidade ou recibidas dunha Administración Pública, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios.
- d) **Orzamentos federativos**, con descrición das principais partidas e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución.
- e) **Contas anuais** aprobadas pola Asamblea, informes de auditoría de contas e informes de fiscalización complementarios que existan.
- f) **Retribucións anuais** (soldos<sup>9</sup> e dietas) dos máximos responsables federativos: Presidente/a, Secretario/a, Xerente, Tesoureiro/a, Director/a técnico/a e demais membros dos órganos da Federación que perciban retribucións. Igualmente, faranse públicas as indemnizacións percibidas, no seu caso, con ocasión do abandono do cargo.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2016.

Subdirectora Xeral de Plans e Programas.



Laura Mosquera Escudero